

Creemos que a confianza na obra de **MANUEL RODRIGUEZ LÓPEZ**, invita ao traballo, dende o compromiso de transmitir a súa vontade de contribuír a mellorar a sociedade.

Por que el si CRE, e por iso constrúe dende a confianza en si mesmo. Despois de prepararse con tesón, e moito esforzo, non ausente de importante sacrificio persoal, acadando as súas capacidades, ata rematar en **Exemplar - Mestre**.

CREA, agora dende a súa estadía no Alén, orientando o acontecer diario de todo o que se fai dende o seu ideario, incorporando novos valores individuais, que van acrecentando a gran familia dos que CREN e CREAN, por e para a sociedade, dende o compromiso dos seus valores espírito – humanísticos. Sendo a saíva que se precisa para que nunca falten canles, aos que achegarse, na procura do coñecemento ou invitación a celebrar con vontade e capacidade compartida.

Si, Manuel Rodríguez López, foi o mellor Poeta - Obreiro da segunda metade do século pasado, eu cualificaría na actualidade como **Obreiro das conciencias**.

Exposición itinerante dende agosto do 2013, sen deterse, percorrendo a Península Ibérica. Neste ano a piques de rematar, visitou: Celanova na casa dos poetas, Centro Galego de Salamanca, Centro Galego de Vitoria, Biblioteca de Viveiro, Casa de Galicia en León, Centro Galego de Lisboa e Biblioteca Lucio Craveiro da Silva de Braga.

**Certame:** Invitámos a participar na Iedicia, que nos produce o encetar unha nova década ca presentación da 21 edición (1995-2016), que como sempre nos congratula cunha amplísima concorrencia, 706 par-

# *Manuel O. Rodríguez López*

---

ticipantes. Satisfacenos o poñer a disposición da sociedade esta nova publicación que hoxe se presenta, tendo en conta, que este ano baixo a edición de libros impresos en papel, nun 34%; ata neste senso somos tradicionais.

Parabéns, aos membros do xurado, que tiveron que dedicarlle moitas horas con gran esforzo, para estudar todas e cada unha das obras concursantes, repasando e confrontando ata o minuto final da xuntanza definitiva, na procura da ecuanimidade.

E, non se me esqueceu o mais importante deste Certame literario, que son os AUTORES-CREADORES, sen eles, a sociedade, estaría orfa, en canto aos vieiros dos verbos: *Amar, Crear, Crer, Confiar, Conxugar, Motivar, Reflexionar, Sentir, Sufrir, Vixar, etc.* O seu esforzo e dedicación son vitais para unha sociedade, que cada vez, esta mais necesitada de persoeiros comprometidos, e xenerosos na creación de aportacións, que nos axuden a orientarnos, a saír diste barullo, que nos mantén extraviados, no camiño a ningures.

Felicitamos, aos nove autores, que acreditaron coa obra presentada a súa valía, amplamente refrendada logo polos seus currículos.

Grazas por acudir a este certame, que dende a humildade, non fai mais que ser fiel o fillo Predilecto, e Excmo Señor Manuel Rodríguez López.

*“Aunque nada cambie, si yo cambio, todo cambia”. Honore Balzac.*

Paradela, Novembro 2016.

José Manuel Mato